

**IES A Basella**

# **PROXECTO CURRICULAR**

## **Educación Física**



**Curso 2022-2023**

|                |                    |
|----------------|--------------------|
| <b>Data</b>    | 10-sept-2022       |
| <b>Versión</b> | Ver .0             |
| <b>Tipo</b>    | Programación anual |

# ÍNDICE

## PROGRAMACIÓN E.S.O (LOMCE)

|                                                                                                                                                                                            |    |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|----|
| 1. Introducción e contextualización                                                                                                                                                        | 5  |
| 2. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave. concreción que recolle a relación dos estándares de aprendizaxe avaliáveis da materia que forman parte dos perfís competenciais | 6  |
| 3. Concreción, de ser o caso, dos obxectivos para o curso.                                                                                                                                 | 8  |
| 4. Concreción, para cada estándar de aprendizaxe avaliável, de: temporalización, grao mínimo de consecución para superar a materia, instrumentos e procedementos de avaliación.            |    |
| 2º eso - 1ª avaliación                                                                                                                                                                     | 10 |
| 2º eso - 2ª avaliación                                                                                                                                                                     | 13 |
| 2º eso - 3ª avaliación                                                                                                                                                                     | 16 |
| 4º eso - 1ª avaliación                                                                                                                                                                     | 19 |
| 4º eso - 2ª avaliación                                                                                                                                                                     | 21 |
| 4º eso - 3ª avaliación                                                                                                                                                                     | 23 |
| 5. Concrecións metodolóxicas que require a materia                                                                                                                                         | 26 |
| 6, Materiais e recursos didácticos que se vaian utilizar.                                                                                                                                  | 26 |
| 7. Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado.                                                                                                                    | 27 |
| 8. Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente.                                                                                                             | 29 |
| 9. Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes.                                                                                           | 30 |
| 10. Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados.                                                          | 31 |
| 11. Medidas de atención á diversidade.                                                                                                                                                     | 31 |
| 12. Concreción dos elementos transversais que se traballarán no curso que corresponda.                                                                                                     | 35 |
| 13. Actividades complementarias e extraescolares programadas por cada departamento didáctico.                                                                                              | 35 |
| 14. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora.                                            | 36 |
| 15. Avaliación de lesionados e posibilidades de recuperación trimestral                                                                                                                    | 36 |

## **PROGRAMACIÓN ASIGNATURA DE LIBRE CONFIGURACIÓN DE 2º DE BAC.**

|                                                                                                                                                                                            |    |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|----|
| 1. Introducción – xustificación da optativa                                                                                                                                                | 38 |
| 2. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave. concreción que recolle a relación dos estándares de aprendizaxe avaliáveis da materia que forman parte dos perfís competenciais | 38 |
| 3. Concreción, de ser o caso, dos obxectivos para o curso                                                                                                                                  | 40 |
| 4. Concreción, para cada estándar de aprendizaxe avaliável, de: temporalización, grao mínimo de consecución para superar a materia, instrumentos e procedementos de avaliación             |    |
| 1ª avaliación                                                                                                                                                                              | 41 |
| 2ª avaliación                                                                                                                                                                              | 42 |
| 3ª avaliación                                                                                                                                                                              | 44 |
| 5. Concrecións metodolóxicas que require a materia                                                                                                                                         | 45 |
| 6. Materiais e recursos didácticos que se vaian utilizar.                                                                                                                                  | 46 |
| 7. Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado.                                                                                                                    | 48 |
| 8. Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente.                                                                                                             | 50 |
| 9. Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes.                                                                                           | 52 |
| 10.Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados.                                                           | 52 |
| 11. Medidas de atención á diversidade.                                                                                                                                                     | 52 |
| 12. Concreción dos elementos transversais que se traballarán no curso que corresponda.                                                                                                     | 52 |
| 13. Actividades complementarias e extraescolares programadas por cada departamento didáctico.                                                                                              | 53 |
| 14. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora.                                            | 53 |
| 15. Avaliación de lesionados e posibilidades de recuperación trimestral                                                                                                                    | 55 |

# PROGRAMACIÓN ESO (LOMCE)

## 1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

Entendemos que unha programación anual da Área de Educación Física, como a que segue, lonxe de constituír unha consideración teórica, ha de consistir nunha reprodución fiel e realista das posibilidades de enfoque e desenvolvemento dos cursos e ciclos académicos no que a esta materia se refire. O obxectivo primordial é lograr que os alumnos e alumnas descubran a importancia da Educación Física na sociedade actual, que sexan capaces de incorporar á súa vida cotiá algún tipo de actividade física e que comprendan que a educación a través do corpo e do movemento non pode reducirse aos aspectos perceptivos ou motores, senón que implica ademais aspectos expresivos, comunicativos, afectivos e cognoscitivos. Para programar -declarar precisamente o que se pretende facer nalgunha materia- cómpre baixar ao miúdo e determinar non só os obxectivos da actividade, senón tamén os contidos e os medios pertinentes para a súa realización e avaliación. É por esta razón polo que consideramos imprescindible facer algunhas consideracións previas referidas ao alumnado e aos medios, variables que interveñen no proceso de formulación dunha programación:

1) Os medios -material, espacio, tempo, climatoloxía- con que se conte condicionarán en grande medida as posibilidades de acadar os nosos obxectivos e a metodoloxía a seguir para conseguilo.

Todo o mundo sabe que medios como a climatoloxía (abundancia de precipitacións que impiden a impartición das aulas ao aire libre durante boa parte do ano), o tempo de clases ou a *ratio* de alumnos/as por grupo e o seu espacio deixan a súa marca no desenvolvemento do curso de Educación Física en todos os nosos centros, circunstancias que nos obrigan a contar coa posibilidade de que afecten, en maior ou menor medida, á hora de conseguir os nosos obxectivos iniciais; podendo mesmo levarnos a ter que reconsideralos.

2) O alumnado constitúe o elemento sobre o que temos de traballar e respecto a eles habemos de ter en conta factores como o seu contorno, a súa capacidade, a súa experiencia e nivel cognitivo, o seu interese, etc.

Temos alumnos e alumnas de idades diferentes e, consecuentemente, con distinto estado de desenvolvemento físico, intelectual, psicolóxico...; mais nalgúns casos cun mesmo nivel de coñecementos e habilidades motrices e deportivas. **Isto pode obrigar a cambiar contidos da programación ao longo do curso académico ou mesmo a individualizar tanto a súa ensinanza que a grupos do mesmo curso poderán serlles impartidos contidos distintos.** Así, o proxecto pretende ser aberto ás innovacións que cumprisen, atendendo á resposta que vaíamos obtendo do rendemento dos nosos alumnos e alumnas. **No contexto da covid19 esta programación contempla 4 escenarios diferentes: un escenario normal, un escenario presencial adaptado á actual situación sanitaria tendo en conta as indicacións da Consellería de Educación tanto do protocolo de actuación de xullo/setembro**

**2020 coma as instrucións do 30 de xullo de 2020 (cfr. capítulo 16), un escenario de transición semi-presencial e por último un escenario de transición ao ensino telemático no caso de empeoramento da situación (CFR. CAPÍTULO 17).**

**2. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave. Concreción que recolle a relación dos estándares de aprendizaxe avaliáveis.**

A materia de Educación Física ten como finalidade principal que os alumnos e as alumnas **alcancen a competencia motriz, entendida como un conxunto de coñecementos, procedementos, actitudes e emocións que interveñen nas múltiples interaccións que realiza unha persoa no seu medio e coas demais**, que permite que o alumnado supere os problemas motores propostos tanto nas sesións de Educación Física como na súa vida cotiá; sempre actuando de forma coherente e en concordancia co nivel de desenvolvemento psicomotor, e outorgándolle especial sensibilidade á atención á diversidade nas aulas, utilizando estratexias inclusivas e procurando a integración dos coñecementos, os procedementos, as actitudes e as emocións que se vinculan á conduta motora. ***A competencia motriz, malia non estar recollida como unha das competencias clave, é fundamental para o desenvolvemento destas, nomeadamente o das competencias sociais e cívicas, de aprender a aprender, de sentido de iniciativa e espírito emprendedor, de conciencia e expresións culturais, da competencia matemática e as competencias básicas en ciencia e tecnoloxía e, en menor medida, da de comunicación lingüística e da competencia dixital. O traballo por competencias integra un coñecemento de base conceptual, outro relativo ás destrezas e, por último, un con grande influencia social e cultural, que implica un conxunto de valores e actitudes.***

Para facilitar a concreción curricular de Educación Física establécense dez criterios de avaliación para o primeiro ciclo da ESO, que abrangue os tres primeiros cursos, doce para o cuarto curso da ESO e nove para o primeiro curso de bacharelato, criterios que establecen os resultados que se deben conseguir por medio dos estándares de aprendizaxe. Estes permitirán definir os resultados das aprendizaxes e concretarán, mediante accións, o que o alumnado debe saber e saber facer na materia de Educación Física. Estes estándares están graduados e secuenciados ao longo de todas as etapas e, unha vez finalizadas estas, todos eles deberán estar alcanzados e consolidados.

**Os contidos preséntanse distribuídos en catro grandes bloques:**

- **Bloque 1. Contidos comúns.**
- **Bloque 2. Actividades físicas artístico-expresivas.**
- **Bloque 3. Actividade física e saúde.**
- **Bloque 4. Os xogos e as actividades deportivas.**

Esta distribución non determina métodos concretos; unicamente responde a unha forma de organizar os contidos dun xeito enlazado atendendo á configuración cíclica do ensino da materia, construíndo uns coñecementos sobre os outros, como unha estrutura de relacións observables, de maneira que se facilite a súa comprensión e aplicación en contextos cada vez máis enriquecedores e complexos. Tampouco implica unha organización pechada, xa que permite organizar os contidos de diferentes formas, adoptando a metodoloxía máis adecuada ás características tanto do grupo de alumnos e alumnas como dos propios contidos.

**Os contidos do bloque común, pola súa natureza transversal, traballaranse ao longo do curso de xeito integrado cos contidos do resto dos bloques, dado que trata aspectos como a construción das fases dunha sesión, o aseo persoal, a participación nas actividades físicas**

**independentemente do propio nivel de execución, a resolución de conflitos mediante o diálogo e a aceptación das regras establecidas, as posibilidades que presentan as actividades físicodeportivas como formas de lecer activo e de utilización responsable do contorno, o control de riscos, o desenvolvemento da iniciativa individual e de hábitos de esforzo, as actitudes, a confianza, o uso adecuado dos materiais e dos espazos, e a integración das tecnoloxías da información e da comunicación.**

O bloque segundo trata os contidos que teñen que ver coa interpretación e a execución de accións motrices, utilizando técnicas de expresión corporal, baile e outros recursos artísticos.

O terceiro bloque inclúe todos os aspectos relacionados coa saúde que se poden abordar desde a práctica da actividade física, segundo as recomendacións de diversos organismos de ámbito internacional, estatal e autonómico.

No bloque dos xogos e as actividades deportivas tamén están incluídos todos os tipos de actividades físico-deportivas desenvolvidas no medio natural.

## A continuación recóllese a relación entre as competencias clave e os estándares de aprendizaxe para 2ºe 4º da ESO ..

### 2º ESO

| COM. CLAVE | NºESTÁNDARES | PORCENTAXES |
|------------|--------------|-------------|
| CAA        | 23           | 32,86       |
| CSIEE      | 21           | 30,00       |
| CSC        | 11           | 15,71       |
| CMCCT      | 8            | 11,43       |
| CCEC       | 4            | 5,71        |
| CCL        | 2            | 2,86        |
| CD         | 1            | 1,43        |
|            | TOTAL 70     | 100,0       |

### 4º ESO

| COM. CLAVE | NºESTÁNDARES | PORCENTAXES |
|------------|--------------|-------------|
| CSIEE      | 14           | 25,45       |
| CSC        | 14           | 25,45       |
| CMCCT      | 11           | 20,00       |
| CAA        | 9            | 16,36       |
| CCEC       | 4            | 7,27        |
| CCL        | 2            | 3,64        |
| CD         | 1            | 1,82        |

### 3. CONCRECIÓN DOS OBXECTIVOS PARA O CURSO.

a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.

d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.

#### **Concreción para os obxectivos a,b,c,d,**

**Amosar habilidades e actitudes sociais de respecto, de traballo en equipo e de deportividade na participación en actividades, xogos e deportes, independentemente das diferenzas de xénero, culturais, sociais e de habilidade**

e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.

#### **Concreción para o obxectivo (e)**

**Utilizar medios audiovisuais nas clases e a aula virtual como apoio adicional e instrumento de avaliación**

f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.

g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.

l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.

m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte

para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

### **Concreción para o obxectivo (m)**

- 1.Coñecer os trazos que definen unha actividade física saudable e os efectos beneficiosos que esta ten para a saúde individual e colectiva.**
- 2.Valorar a práctica habitual e sistemática de actividades físicas como medio para mellorar as condicións de saúde e a calidade de vida**
- 3.Realizar tarefas dirixidas ao incremento das posibilidades de rendemento motor, á mellora da condición física para a saúde e ao perfeccionamento das funcións de axuste, dominio e control corporal, adoptando unha actitude de autoexixencia na súa execución.**
- 4.Coñecer e consolidar hábitos saudables, técnicas básicas de respiración e relaxación como medio para reducir desequilibrios e aliviar tensións producidas na vida cotiá e na práctica físico-deportiva.**
- 5.Planificar actividades que permitan satisfacer as necesidades en relación coas capacidades físicas e habilidades específicas a a partir da valoración do nivel inicial.**
- 6.Realizar actividades físico-deportivas no medio natural que teñan baixo impacto ambiental, contribuíndo á súa conservación.**
- 7.Coñecer e realizar actividades deportivas e recreativas individuais e colectivas aplicando os fundamentos regulamentarios, técnicos e tácticos en situacións de xogo, con progresiva autonomía na súa execución.**

n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

### **Concreción para o obxectivo (n )**

**Practicar e deseñar actividades expresivas con ou sen base musical, utilizando o corpo como medio de comunicación e expresión creativa.**

ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural,histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora,e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o antemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe,que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentesá comunidade lusófona.

## 4. CONCRECIÓN, PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVAILABLE, DE: TEMPORALIZACIÓN, GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA.

### Lenda

**YCor verde** = estándares que valoran *actitudes e valores*: Suman **o 30 %** en cada avaliación

**Cor azul** = estándares, que valoran *participación activa e realización de procedementos*. Suman **o 40 %**

**Cor amarelo** = estándares que valoran *destrezas e coñecementos*: Suman **o 30 %** en cada avaliación

### 2º ESO - 1ª avaliación

*Instrumento aval. = **Lista control.**    Procedemento = **Observación aula.***

*Peso do instrumento-procedemento na cualificación. = **30% = 3 pts. de 10 .***

**Si = grao mínimo consecución = 100%      No = 0 %**

| Estándar                                                                                                                                                                                                | peso cualific.        | Si | No |
|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-----------------------|----|----|
| ▪ EFB1.2.1. Amosa tolerancia e deportividade tanto no papel de participante como no de espectador/a.                                                                                                    | 5,00% =<br>0,5 pts/10 |    |    |
| ▪ EFB1.2.2. Colabora nas actividades grupais, respectando as achegas das demais persoas e as normas establecidas, e asumindo as súas responsabilidades para a consecución dos obxectivos.               | 5,00% =<br>0,5 pts/10 |    |    |
| ▪ EFB1.2.3. Respecta as demais persoas dentro do labor de equipo, con independencia do seu nivel de destreza.                                                                                           | 4,00% =<br>0,4 pts/10 |    |    |
| ▪ EFB1.3.2. Respecta o seu controno e a valora como un lugar común para a realización de actividades físico-deportivas.                                                                                 | 4,00% =<br>0,4 pts/10 |    |    |
| ▪ EFB1.4.1. Identifica as características das actividades físico-deportivas e artístico-expresivas propostas que poidan supor un elemento de risco relevante para si mesmo/a ou para as demais persoas. | 4,00% =<br>0,4 pts/10 |    |    |
| ▪ EFB1.4.3. Adopta as medidas preventivas e de seguridade propias das actividades desenvolvidas                                                                                                         | 4,00% =               |    |    |

|                                                                                                                                                                                             |                       |  |  |
|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-----------------------|--|--|
| durante o ciclo, tendo especial coidado con aquelas que se realizan nun contorno non estable.                                                                                               | 0,4 pts/10            |  |  |
| ▪ EFB1.3.3. Analiza criticamente as actitudes e os estilos de vida relacionados co tratamento do corpo, as actividades de lecer, a actividade física e o deporte no contexto social actual. | 4,00% =<br>0,4 pts/10 |  |  |

*Instrumento aval. = Rúbrica . Procedemento=Observación aula.*

*Peso do instrumento-procedemento na cualificación.= 40% = 4 pts. de 10*

Indicadores GRAO CONSECUCIÓN: **grao 1** = a participación/realización é pobre

**grao 2** = a participación/realización é xusta = **grao mínimo de consec.**

**grao 3** = participa/traballa normalmente

**grao 4** = participa moi ben/esfórzase moito

| Estándar                                                                                                                                                          | peso cualific.        | Grao 1 = 25% | Grao 2 = 50 % | Grao 3 =75 % | Grao 4 = 100% |
|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-----------------------|--------------|---------------|--------------|---------------|
| ▪ EFB1.1.2. Prepara e realiza quecementos e fases finais da sesión, de xeito básico, tendo en conta os contidos que se vaian realizar.                            | 8,00% =<br>0,8 pts/10 |              |               |              |               |
| ▪ EFB1.3.1. Coñece as posibilidades que ofrece o contorno para a realización de actividades físico-deportivas axeitadas a súa idade.                              | 8,00% =<br>0,8 pts/10 |              |               |              |               |
| ▪ EFB1.4.2. Describe e pon en práctica os protocolos para activar os servizos de emerxencia e de protección do contorno.                                          | 8,00% =<br>0,8 pts/10 |              |               |              |               |
| ▪ EFB3.1.5. Aplica con axuda procedementos para autoavaliar os factores da condición física.                                                                      | 8,00% =<br>0,8 pts/10 |              |               |              |               |
| ▪ EFB3.2.1. Participa activamente na mellora das capacidades físicas básicas desde un enfoque saudable, utilizando os métodos básicos para o seu desenvolvemento. | 8,00% =<br>0,8 pts/10 |              |               |              |               |

**Máximo Total = 4 pts. De 10**

*Instrumento aval. = Rúbrica/baremo      Procedementos = Ficha de control teórico-práctica*

*Peso do instrumento-procedementos na cualificación= 10%= 1 pts.de 10 .*

Indicadores GRAO CONSECUCIÓN: **Grao 1** = no presentado

**Grao 2** = regular = **grao mínimo de consecución.**

**Grao 3** = ben

| estándar de aprendizaxe | peso cualific. | Grao 0 = 00% | Grao 1 = 50 % | Grao 3 =100 % |
|-------------------------|----------------|--------------|---------------|---------------|
|-------------------------|----------------|--------------|---------------|---------------|

|                                                                                                                                                                                                               |                               |               |             |             |
|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-------------------------------|---------------|-------------|-------------|
| ▪ EFB1.1.1.Recoñece a estrutura dunha sesión de actividade física coa intensidade dos esforzos realizados.                                                                                                    | 2,50%<br>= 0,25 pts.<br>de 10 | No presentado | Con errores | Sin errores |
| ▪ EFB3.1.3. Relaciona as adaptacións orgánicas principais coa actividade física sistemática, así como coa saúde e os riscos e as contraindicacións da práctica deportiva.                                     | 2,50%<br>= 0,25 pts.<br>de 10 | No presentado | Con errores | Sin errores |
| ▪ EFB3.1.4. Adapta a intensidade do esforzo controlando a frecuencia cardíaca correspondente ás marxes de mellora dos principais factores da condición física.                                                | 2,50%<br>= 0,25 pts.<br>de 10 | No presentado | Con errores | Sin errores |
| ▪ EFB3.1.6. Identifica as características que deben ter as actividades físicas para ser consideradas saudables, adoptando unha actitude crítica fronte ás prácticas que teñen efectos negativos para a saúde. | 2,50%<br>= 0,25 pts.<br>de 10 | No presentado | Con errores | Sin errores |

**Máximo Total = 1 pts. de 10**

*Instrumento aval. = Baremo . Procedemento = Tests de condición física.*

*Peso do instrumento-procedemento na cualificación= 20% = 2 pts. de 10*

*Indicadores GRAO CONSECUCIÓN: Grao 1 = resultados normais = grao mínimo consec.*

*Grao 2 = resultados bós*

*Grao 3 = resultados moi bós*

*Grao 4 = resultados destacados/excelentes*

| estándar de aprendizaxe                                                                                                          | peso cualific.           | Grao 1 = 25% | Grao 2 = 50% | Grao 3=75%  | Grao 4 =100%  |
|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------|--------------|--------------|-------------|---------------|
| ▪ EFB3.2.2. Alcanza niveis de condición física saudable acordes ao seu momento de desenvolvemento motor e ás súas posibilidades. | 20,00%<br>= 2 pts. de 10 | ± 1,5 s.d.*  | > 1,5 s.d.*  | = > 2 s.d.* | = > 2,5 s.d.* |

**Máximo Total = 2 pts. de 10**

\* s.d. = standard deviation = desviación típica

## 2º ESO - 2ª avaliación

*Instrumento aval. = **Lista control.** Procedemento = **Observación aula.***

*Peso do instrumento-procedemento na cualificación. = **30% = 3 pts. de 10.***

**Si = grao mínimo consecución = 100%**

**No = 0 %**

| Estándar                                                                                                                                                                                                | peso cualific.        | Si | No |
|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-----------------------|----|----|
| ▪ EFB1.2.1. Amosa tolerancia e deportividade tanto no papel de participante como no de espectador/a.                                                                                                    | 6,00% =<br>0,6 pts/10 |    |    |
| ▪ EFB1.2.2. Colabora nas actividades grupais, respectando as achegas das demais persoas e as normas establecidas, e asumindo as súas responsabilidades para a consecución dos obxectivos.               | 6,00% =<br>0,6 pts/10 |    |    |
| ▪ EFB2.1.3. Colabora no deseño e na realización de bailes e danzas sinxelas, adaptando a súa execución á dos seus compañeiros e das súas compañeiras.                                                   | 6,00% =<br>0,6 pts/10 |    |    |
| ▪ EFB1.3.2. Respecta o seu controno e a valora como un lugar común para a realización de actividades físico-deportivas.                                                                                 | 6,00% =<br>0,6 pts/10 |    |    |
| ▪ EFB1.4.1. Identifica as características das actividades físico-deportivas e artístico-expresivas propostas que poidan supor un elemento de risco relevante para si mesmo/a ou para as demais persoas. | 6,00% =<br>0,6 pts/10 |    |    |

*Instrumento aval. = **Rúbrica.** Procedemento = **Observación aula.***

*Peso do instrumento-procedemento na cualificación. = **40% = 4 pts. de 10***

*Indicadores GRAO CONSECUCIÓN: **grao 1** = a participación/realización é pobre*

***grao 2** = a participación/realización é xusta = **grao mínimo de consec.***

***grao 3** = participa/traballa normalmente*

***grao 4** = participa moi ben/esfórzase moito*

| Estándar                                                                                                                       | peso cualific.        | Grao 1 = 25% | Grao 2 = 50 % | Grao 3 = 75 % | Grao 4 = 100% |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-----------------------|--------------|---------------|---------------|---------------|
| ▪ EFB2.1.1. Utiliza técnicas corporais básicas, de forma creativa, combinando espazo, tempo e intensidade.                     | 8,00% =<br>0,8 pt./10 |              |               |               |               |
| ▪ EFB2.1.2. Crea e pon en práctica unha secuencia de movementos corporais axustados a un ritmo prefixado de baixa dificultade. | 8,00% =<br>0,8 pt./10 |              |               |               |               |
| ▪ EFB2.1.3. Colabora no deseño e na realización de                                                                             | 8,00% =               |              |               |               |               |

|                                                                                                                               |                    |  |  |  |  |
|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------|--|--|--|--|
| bailes e danzas, adaptando a súa execución á dos seus compañeiros e das súas compañeiras.                                     | 0,8 pt./10         |  |  |  |  |
| ▪ EFB2.1.4. Realiza improvisacións de xeito individual como medio de comunicación espontánea.                                 | 8,00% = 0,8 pt./10 |  |  |  |  |
| ▪ EFB3.2.3. Aplica os fundamentos de hixiene postural na práctica das actividades físicas como mediodo prevención de lesións. | 8,00% = 0,8 pt./10 |  |  |  |  |

**Máximo Total = 4 pts. De 10**

*Instrumento aval. = Rúbrica/baremo    Procedementos = Traballo dixital*  
*Peso do instrumento-procedementos na cualificación= 30%= 3 pts.de 10 .*

*Indicadores GRAO CONSECUCIÓN: Grao 1 = pobre*

***Grao 2 = xusto = grao mínimo de consecución.***

***Grao 3 = ben***

***Grao 4 = moi ben/excelente***

| estándar aprendizaxe                                                                                                                                                                                  | peso cualific.               | Grao 1 = 10%                                          | Grao 2 = 40%                                                                    | Grao 3 = 70 %                                                                                      | Grao 4 = 100%                                                                                                                           |
|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|------------------------------|-------------------------------------------------------|---------------------------------------------------------------------------------|----------------------------------------------------------------------------------------------------|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| ▪ EFB3.1.1. Analiza de xeito básico a implicación das capacidades físicas e as coordinativas nas actividades físico-deportivas e artístico-expresivas traballadas no ciclo.                           | 6,00%<br>= 0,6 pts.<br>de 10 | Traballo individual<br>nin copiado<br>nin transferido | Analiza a implicación das capacidades físicas nas actividades físico-deportivas | Analiza a implicación das capacidades físicas e as coordinativas nas actividades físico-deportivas | Analiza a implicación das capacidades físicas e as coordinativas nas actividades físico-deportivas e artístico-expresivas traballadas . |
| ▪ EFB3.1.2. Relaciona diferentes tipos de actividade física e alimentación co seu impacto na súa saúde.                                                                                               | 6,00%<br>= 0,6 pts.<br>de 10 | Traballo individual<br>nin copiado<br>nin transferido | Tipos de actividade física                                                      | Grao 2 máis tipos de alimentación                                                                  | Relación co seu impacto na saúde                                                                                                        |
| ▪ EFB3.2.4. Analiza a importancia da práctica habitual de actividade física para a mellora da propia condición física saudable, relacionando o efecto desta práctica coa mellora da calidade de vida. | 6,00%<br>= 0,6 pts.<br>de 10 | Traballo individual<br>nin copiado<br>nin transferido | Principios da práctica habitual de actividade física                            | Grao 2 máis mellora da condición física (adaptacións)                                              | Relación coa mellora da calidade de vida                                                                                                |
| ▪ EFB1.5.1. Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación para elaborar documentos dixitais propios (texto, presentación, imaxe, vídeo, son,etc.), como resultado do proceso de             | 6,00%<br>= 0,6 pts.<br>de 10 | Traballo individual<br>nin copiado<br>nin transferido | Busca información.                                                              | Utiliza as aplicacións axeitadas para elaborar o traballo.                                         | Presentación con imaxes, vídeos, son etc,                                                                                               |

|                                                                                                                                                                                  |                              |                                                  |       |                                  |                                      |
|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|------------------------------|--------------------------------------------------|-------|----------------------------------|--------------------------------------|
| procura, análise e selección de información salientable.                                                                                                                         |                              |                                                  |       |                                  |                                      |
| ▪ EFB1.5.2. Expón e defende traballos sinxelos sobre temas vixentes no contexto social, relacionados coa actividade física ou a corporalidade, utilizando recursos tecnolóxicos. | 6,00%<br>= 0,6 pts.<br>de 10 | Traballo individual, nin copiado nin transferido | Só lé | Levanta a cabeza de cando en vez | Defende o traballo, expresa opinións |

**Máximo Total = 3 pts. De 10**

## 2º ESO - 3ª avaliación

*Instrumento aval. = **Lista control.**    Procedemento = **Observación aula.***

*Peso do instrumento-procedemento na cualificación. = **30% = 3 pts. de 10.***

*Si = **grao mínimo consecución = 100%***

*No = 0 %*

| Estándar                                                                                                                                                                                      | peso cualific.        | Si | No |
|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-----------------------|----|----|
| ▪ EFB1.2.1. Amosa tolerancia e deportividade tanto no papel de participante como no de espectador/a.                                                                                          | 5,00% =<br>0,5 pts/10 |    |    |
| ▪ EFB1.2.2. Colabora nas actividades grupais, respectando as achegas das demais persoas e as normas establecidas, e asumindo as súas responsabilidades para a consecución dos obxectivos.     | 5,00% =<br>0,5 pts/10 |    |    |
| ▪ EFB1.2.3. Respecta as demais persoas dentro do labor de equipo, con independencia do seu nivel de destreza.                                                                                 | 5,00% =<br>0,5 pts/10 |    |    |
| ▪ EFB1.4.1. Identifica as características das actividades físico-deportivas e artístico-expresivas propostas que poidan supor un elemento de risco para si mesmo/a ou para as demais persoas. | 5,00% =<br>0,5 pts/10 |    |    |
| ▪ EFB1.3.2. Respecta o seu controno e a valora como un lugar común para a realización de actividades físico-deportivas.                                                                       | 5,00% =<br>0,5 pts/10 |    |    |
| ▪ EFB1.4.3. Adopta as medidas preventivas e de seguridade propias das actividades desenvolvidas durante o ciclo, tendo especial coidado con aquelas que se realizan nun contorno non estable. | 5,00% =<br>0,5 pts/10 |    |    |

**Max total = 3 pts. de 10**

*Instrumento aval. = Rúbrica . Procedemento=Observación aula.*

*Peso do instrumento-procedemento na cualificación.= 40% = 4 pts. de 10*

Indicadores GRAO CONSECUCIÓN: **grao 1** = a participación/realización é pobre

**grao 2** = a participación/realización é xusta = **grao mínimo de consec.**

**grao 3** = participa/traballa normalmente

**grao 4** = participa moi ben/esfórzase moito

| Estándar                                                                                                                                                                                                              | peso cualific.         | Grao 1 = 25% | Grao 2 = 50 % | Grao 3 =75 % | Grao 4 = 100% |
|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|------------------------|--------------|---------------|--------------|---------------|
| ▪ EFB1.1.3. Prepara e pon en práctica actividades para a mellora das habilidades motoras en función das propias dificultades, baixo a dirección do/da docente.                                                        | 5,00% =<br>0,5 pt.s/10 |              |               |              |               |
| ▪ EFB4.1.1. Aplica os aspectos básicos das técnicas e habilidades específicas adaptadas, respectando as regras e as normas establecidas.                                                                              | 5,00% =<br>0,5 pt.s/10 |              |               |              |               |
| ▪ EFB4.1.2. Autoavalía a súa execución de xeito básico con respecto ao modelo técnico formulado.                                                                                                                      | 5,00% =<br>0,5 pt.s/10 |              |               |              |               |
| ▪ EFB4.2.1. Adapta os fundamentos técnicos e tácticos para obter vantaxe na práctica das actividades físico-deportivas de oposición ou de colaboración-oposición facilitadas.                                         | 5,00% =<br>0,5 pt.s/10 |              |               |              |               |
| ▪ EFB4.2.2. Describe simplificada e pon en práctica de xeito autónomo aspectos de organización de ataque e de defensa nas actividades físico-deportivas de oposición ou de colaboración-oposición facilitadas.        | 5,00% =<br>0,5 pt.s/10 |              |               |              |               |
| ▪ EFB4.2.3. Discrimina os estímulos que cómpre ter en conta na toma de decisións nas situacións de colaboración, oposición e colaboración-oposición facilitadas, para obter vantaxe ou cumprir o obxectivo da acción. | 5,00% =<br>0,5 pt.s/10 |              |               |              |               |
| ▪ EFB4.2.4. Reflexiona sobre as situacións facilitadas resoltas valorando a oportunidade das solucións achegadas e a súa aplicabilidade a situacións similares.                                                       | 5,00% =<br>0,5 pt.s/10 |              |               |              |               |
| ▪ EFB4.1.5. Explica e pon en práctica técnicas de progresión nos contornos non estables e técnicas básicas de orientación, regulando o esforzo en función das súas posibilidades.                                     | 5,00% =<br>0,5 pt.s/10 |              |               |              |               |

**Máximo Total = 4 pts. de 10**

*Instrumento aval. = Baremo. Procedemento= Proba oral*

*Peso do instrumento-procedemento na cualificación= 5%= 0,5 pts.de 10 .*

Indicadores GRAO CONSECUCIÓN: **Grao 1 = pobre**

**Grao 2 = xusto = grao mínimo de consecución.**

**Grao 3 = bó**

**Grao 4 = moi bó/ excelente**

| estándar de aprendizaxe                                                                           | peso cualific.            | Grao 1 = 25%                                | Grao 2 = 50 %                     | Grao 3 =75 %                                    | Grao 4 = 100%                                         |
|---------------------------------------------------------------------------------------------------|---------------------------|---------------------------------------------|-----------------------------------|-------------------------------------------------|-------------------------------------------------------|
| • EFB4.1.3. Describe a forma de realizar os movementos implicados nos modelos técnicos adaptados. | 5,00%<br>= 0,5 pts. de 10 | Denomina os diferentes elementos/movementos | Utiliza a terminoloxía correcta . | Describe os movementos implicados na execución. | Describe os movementos e indica os erros de execución |

**Máximo Total = 0,5 pts. de 10**

*Instrumento aval. = Baremo Procedemento = Proba técnica de habilidades específicas.*

*Peso do instrumento-procedemento na cualificación.= 25% = 2,5 pts. de 10*

Indicadores GRAO CONSECUCIÓN: **Grao 1 = a execución é mala**

**Grao 2 = a execución é boa= grao mínimo de consecución.**

**Grao 3 = a execución é moi boa**

**Grao 4 = a execución é excelente**

| estándar de aprendizaxe                                                                                                                                     | peso cualificación       | Grao 1 = 0%              | Grao 2 =40 %     | Grao 3= 80%      | Grao 4 = 100%       |
|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------|--------------------------|------------------|------------------|---------------------|
| • EFB4.1.4. Mellora o seu nivel na execución e aplicación das accións técnicas respecto ao seu nivelde partida, amosando actitudes de esforzo e superación. | 30,00%<br>= 3 pts. de 10 | 6 ou máis erros técnicos | 4 erros técnicos | 2 erros técnicos | ningún erro técnico |

**Máximo Total = 3 pts. de 10**

## 4º ESO - 1ª avaliación

*Instrumento aval. = **Lista control.** Procedemento = **Observación aula.***

*Peso do instrumento-procedemento na cualificación. = **30% = 3 pts. de 10.***

**Si = grao mínimo consecución = 100%**

**No = 0 %**

| Estándar                                                                                                                                                                                                    | peso cualific.        | Si | No |
|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-----------------------|----|----|
| • EFB1.3.1. Valora as actuacións e as intervencións das persoas participantes nas actividades, recoñecendo os méritos e respectando os niveis de competencia motriz, e outras diferenzas.                   | 5,00% =<br>0,5 pts/10 |    |    |
| • EFB1.3.2. Valora as actividades físicas distinguindo as achegas que cada unha ten desde o punto de vista cultural, para a satisfacción e o enriquecemento persoal, e para a relación coas demais persoas. | 5,00% =<br>0,5 pts/10 |    |    |
| • EFB1.3.3. Relaciona hábitos como o sedentarismo ou o consumo de tabaco e de bebidas alcohólicas cos seus efectos na condición física e a saúde.                                                           | 5,00% =<br>0,5 pts/10 |    |    |
| • EFB1.3.4. Valora as necesidades de alimentos e de hidratación para a realización de diferentes tipos de actividade física.                                                                                | 5,00% =<br>0,5 pts/10 |    |    |
| • EFB2.4. Valora a súa aptitude física nas súas dimensións anatómica, fisiolóxica e motriz, relacionándoa coa saúde.                                                                                        | 5,00% =<br>0,5 pts/10 |    |    |
| • EFB1.4.1. Verifica as condicións de práctica segura usando convenientemente o equipamento persoal, e os materiais e os espazos de práctica.                                                               | 5,00% =<br>0,5 pts/10 |    |    |

**Max total = 3 pts. De 10**

*Instrumento aval. = **Rúbrica.** Procedemento = **Observación aula.***

*Peso do instrumento-procedemento na cualificación. = **40% = 4 pts. de 10***

*Indicadores GRAO CONSECUCIÓN: **grao 1** = a participación/realización é pobre*

***grao 2** = a participación/realización é xusta = **grao mínimo de consec.***

***grao 3** = participa/traballa normalmente*

***grao 4** = participa moi ben/esfórzase moito*

| Estándar                                                                                                                                                                   | peso cualific.        | Grao 1 = 25% | Grao 2 = 50 % | Grao 3 = 75 % | Grao 4 = 100% |
|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-----------------------|--------------|---------------|---------------|---------------|
| • EFB1.1.1. Analiza a actividade física principal da sesión para establecer as características que deben ter as fases de activación e de volta á calma.                    | 4,00% =<br>0,4 pts/10 |              |               |               |               |
| • EFB1.1.2. Selecciona os exercicios ou as tarefas de activación e de volta á calma dunha sesión, atendendo á intensidade ou á dificultade das tarefas da parte principal. | 4,00% =<br>0,4 pts/10 |              |               |               |               |

|                                                                                                                                                                                                        |                       |  |  |  |  |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-----------------------|--|--|--|--|
| ▪ EFB1.1.3. Realiza exercicios ou actividades nas fases inicial e final de algunha sesión, de xeito autónomo, acorde co seu nivel de competencia motriz.                                               | 5,00% =<br>0,5 pts/10 |  |  |  |  |
| ▪ EFB1.6.2. Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación para afondar sobre contidos do curso, realizando valoracións críticas e argumentando as súas conclusións.                          | 5,00% =<br>0,5 pts/10 |  |  |  |  |
| ▪ EFB3.1.1. Demostra coñecementos sobre as características que deben cumprir as actividades físicas cun enfoque saudable e os beneficios que proporcionan á saúde individual e colectiva.              | 4,00% =<br>0,4 pts/10 |  |  |  |  |
| ▪ EFB3.1.2. Relaciona exercicios de tonificación e flexibilización coa compensación dos efectos provocados polas actitudes posturais inadecuadas máis frecuentes.                                      | 5,00% =<br>0,5 pts/10 |  |  |  |  |
| ▪ EFB3.2.1. Valora o grao de implicación das capacidades físicas na realización dos tipos de actividade física.                                                                                        | 4,00% =<br>0,4 pts/10 |  |  |  |  |
| ▪ EFB3.2.2. Practica de forma regular, sistemática e autónoma actividades físicas co fin de mellorar as condicións de saúde e calidade de vida.                                                        | 4,00% =<br>0,4 pts/10 |  |  |  |  |
| ▪ EFB3.2.3. Aplica os procedementos para integrar nos programas de actividade física a mellora das capacidades físicas básicas, cunha orientación saudable e nun nivel adecuado ás súas posibilidades. | 5,00% =<br>0,5 pts/10 |  |  |  |  |

**Máximo Total = 4 pts. De 10**

**Instrumento aval. = Rúbrica      Procedemento = Webquest de Primeiros Auxilios no Aula Virtual.**      **Peso do instrumento-procedemento na cualificación= 10%= 1 pt.de 10 .**

**Indicadores GRAO CONSECUCIÓN:**      **Grao 0 = non fai a tarefa e non utiliza o aula virtual**  
**Grao 2 = webquest incompleta = grao mínimo de consecución.**  
**Grao 3 = webquest completa**

| estándar de aprendizaxe                                                                                                                                                      | peso cualific.           | Grao 0 = 00%                            | Grao 1 = 50 %                                      | Grao 3 =100 %                                                                  |
|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------|-----------------------------------------|----------------------------------------------------|--------------------------------------------------------------------------------|
| ▪ EFB1.6.1. Procura, procesa e analiza criticamente informacións actuais sobre temáticas vinculadas á actividade física e a corporalidade, utilizando recursos tecnolóxicos. | 5,00%<br>= 0,5 pts.de 10 | Non fai a webquest                      | Webquest incompleta                                | Completa a webquest                                                            |
| ▪ EFB1.6.3. Comunica e comparte información e ideas nos soportes e nos contornos apropiados.                                                                                 | 5,00%<br>= 0,5 pts.de 10 | Non utiliza o aula virtual como soporte | Utiliza o aula virtual, pero non completa a tarefa | Completa a webquest e comunica e comparte información sobre primeiros auxilios |

**Máximo Total = 1 pt. de 10**

*Instrumento aval. = Mapa de cualificación / baremo . Procedemento = Exame multiresposta no aula virtual*

*Peso do instrumento-procedemento na cualificación= 20% = 2 pts. de 10*

Indicadores GRAO CONSECUCIÓN: 0% = mal  
 20% = ben = **grao mínimo consec.**  
 60% = moi ben  
 100% = excelente

| estándar de aprendizaxe                                                                                                                                                                             | peso cualific.           | 20 %                       | 60%                        | 100%                        |
|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------|----------------------------|----------------------------|-----------------------------|
| ▪ EFB1.4.2. Identifica as lesións máis frecuentes derivadas da práctica de actividade física.                                                                                                       | 10,00%<br>= 1 pts. de 10 | Contesta ben a 8 preguntas | Contesta ben a 9 preguntas | Contesta ben a 10 preguntas |
| ▪ EFB1.4.3. Describe os protocolos que deben seguirse ante as lesións, os accidentes ou as situacións de emerxencia máis frecuentes producidas durante a práctica de actividades físico-deportivas. | 10,00%<br>= 1 pts. de 10 | Contesta ben a 8 preguntas | Contesta ben a 9 preguntas | Contesta ben a 10 preguntas |

**Máximo Total = 2 pts. de 10**

## 4º ESO - 2ª avaliación

*Instrumento aval. = Lista control. Procedemento = Observación aula.*

*Peso do instrumento-procedemento na cualificación.= 30% =3 pts. de 10 .*

**Si = grao mínimo consecución = 100%**      **No = 0 %**

| Estándar                                                                                                                                                              | peso cualific.        | Si | No |
|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-----------------------|----|----|
| ▪ EFB1.2.1. Asume as funcións encomendadas na organización de actividades grupais.                                                                                    | 6,00% =<br>0,6 pts/10 |    |    |
| ▪ EFB1.2.2. Verifica que a súa colaboración na planificación e posta en práctica de actividades grupais fose coordinada coas accións do resto das persoas implicadas. | 6,00% =<br>0,6 pts/10 |    |    |

|                                                                                                                                                                 |                       |  |  |
|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-----------------------|--|--|
| ▪ EFB1.3.3. Mantén unha actitude crítica cos comportamentos antideportivos, tanto desde o papel de participante como desde o de espectador/a.                   | 6,00% =<br>0,6 pts/10 |  |  |
| ▪ EFB1.5.1. Fundamenta os seus puntos de vista ou as súas achegas nos traballos de grupo, e admite a posibilidade de cambio fronte a outros argumentos válidos. | 6,00% =<br>0,6 pts/10 |  |  |
| ▪ EFB1.5.2. Valora e reforza as achegas enriquecedoras dos compañeiros e das compañeiras nos traballos en grupo.                                                | 6,00% =<br>0,6 pts/10 |  |  |

**Max total = 3 pts. de 10**

*Instrumento aval. = **Rúbrica** . Procedemento=Observación aula.*

*Peso do instrumento-procedemento na cualificación.= 40% = 4 pts. de 10*

*Indicadores GRAO CONSECUCIÓN: **grao 1** = a participación/realización é pobre*

***grao 2** = a participación/realización é xusta = **grao mínimo de consec.***

***grao 3** = participa/traballa normalmente*

***grao 4** = participa moi ben/esfórzase moito*

| <b>Estándar</b>                                                                                                                                                                                                                                            | <b>peso cualific.</b> | <b>Grao 1 = 25%</b> | <b>Grao 2 = 50 %</b> | <b>Grao 3 =75 %</b> | <b>Grao 4 = 100%</b> |
|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-----------------------|---------------------|----------------------|---------------------|----------------------|
| ▪ EFB4.1.1. Axusta a realización das habilidades específicas aos requisitos técnicos nas situacións motrices individuais, preservando a súa seguridade e tendo en conta as súas propias características.                                                   | 8% =0,8 pts de 10     |                     |                      |                     |                      |
| ▪ EFB4.2.2. Aplica de xeito oportuno e eficaz as estratexias específicas das actividades de cooperación, axustando as accións motrices aos factores presentes e ás intervencións do resto de participantes.                                                | 8% =0,8 pts de 10     |                     |                      |                     |                      |
| ▪ EFB4.2.3. Aplica de xeito oportuno e eficaz as estratexias específicas das actividades de colaboración-oposición, intercambiando os papeis con continuidade e perseguindo o obxectivo colectivo de obter situacións vantaxosas sobre o equipo contrario. | 8% =0,8 pts de 10     |                     |                      |                     |                      |
| ▪ EFB4.2.4. Aplica solucións variadas ante as situacións formuladas e valorar as súas posibilidades de éxito, en relación con outras situacións.                                                                                                           | 8% =0,8 pts de 10     |                     |                      |                     |                      |
| ▪ EFB4.2.5. Xustifica as decisións tomadas na práctica das actividades e recoñece os procesos que están implicados nelas.                                                                                                                                  | 8% =0,8 pts de 10     |                     |                      |                     |                      |

**Máximo Total = 4 pts. De 10**

*Instrumento aval. = Baremo    Procedemento = Proba técnico-táctica de habilidades específicas.*

*Peso do instrumento-procedemento na cualificación.= 30= 3pts. de 10*

Indicadores GRAO CONSECUCIÓN: *Grao 1 = a execución é mala*

*Grao 2 = a execución é boa= grao mínimo de consecución.*

*Grao 3 = a execución é moi boa*

*Grao 4 = a execución é excelente*

| estándar de aprendizaxe                                                                                                                                                          | peso cualificación    | Grao 1 = 0%                      | Grao 2 = 33,3%              | Grao 3 = 66,6%          | Grao 4 = 100%               |
|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-----------------------|----------------------------------|-----------------------------|-------------------------|-----------------------------|
| ▪ EFB4.1.2. Axusta a realización das habilidades específicas aos condicionantes xerados polos compañeiros e as compañeiras, e as persoas adversarias, nas situacións colectivas. | 30%<br>= 3 pts. de 10 | 3 ou máis erros técnico-tácticos | dous erros técnico-tácticos | Un erro técnico-táctico | Ningún erro técnico-táctico |

**Máximo Total = 3pts. de 10**

## 4º ESO - 3ª avaliación

*Instrumento aval. = Lista control.    Procedemento = Observación aula.*

*Peso do instrumento-procedemento na cualificación.= 30% =3 pts. de 10 .*

*Si = grao mínimo consecución = 100%*

*No = 0 %*

| Estándar                                                                                                                                                             | peso cualific.        | Si | No |
|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-----------------------|----|----|
| ▪ EFB1.2.1. Asume as funcións encomendadas na organización de actividades grupais.                                                                                   | 5,00% =<br>0,5 pts/10 |    |    |
| ▪ EFB1.2.2. Verifica que a súa colaboración na planificación e posta en práctica de actividades grupais fose coordinada coas accións do resto das persoas implicadas | 5,00% =<br>0,5 pts/10 |    |    |
| ▪ EFB1.3.3. Mantén unha actitude crítica cos comportamentos antideportivos, tanto desde o papel de participante como desde o de espectador/a.                        | 5,00% =<br>0,5 pts/10 |    |    |
| ▪ EFB1.4.1. Verifica as condicións de práctica segura usando convenientemente o equipamento persoal, e os materiais e os espazos de práctica.                        | 5,00% =<br>0,5 pts/10 |    |    |
| ▪ EFB1.5.2. Valora e reforza as achegas enriquecedoras dos compañeiros e das compañeiras nos traballos en grupo.                                                     | 5,00% =<br>0,5 pts/10 |    |    |
| ▪ EFB4.3.3. Demostra hábitos e actitudes de conser-                                                                                                                  | 5,00% =               |    |    |

**Max total = 3 pts. de 10**

*Instrumento aval. = **Rúbrica** . Procedemento=Observación aula.*

*Peso do instrumento-procedemento na cualificación.= 40% = 4 pts. de 10*

*Indicadores GRAO CONSECUCIÓN: **grao 1** = a participación/realización é pobre*

***grao 2** = a participación/realización é xusta = **grao mínimo de consec.***

***grao 3** = participa/traballa normalmente*

***grao 4** = participa moi ben/esfórzase moito*

| Estándar                                                                                                                                                                                                                                                   | peso cualific.         | Grao 1 = 25% | Grao 2 = 50 % | Grao 3 =75 % | Grao 4 = 100% |
|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|------------------------|--------------|---------------|--------------|---------------|
| ▪ EFB2.1.1. Elabora composicións de carácter artístico-expresivo, seleccionando os elementos de execución e as técnicas máis apropiadas para o obxectivo previsto, incidindo especialmente na creatividade e na desinhibición.                             | 4,00% =<br>0,4 pt.s/10 |              |               |              |               |
| ▪ EFB2.1.2. Axusta as súas accións á intencionalidade das montaxes artístico-expresivas, combinando os compoñentes espaciais, temporais e, de ser o caso, de interacción coas demais persoas.                                                              | 4,00% =<br>0,4 pt.s/10 |              |               |              |               |
| ▪ EFB2.1.3. Colabora no deseño e na realización das montaxes artístico-expresivas, achegando e aceptando propostas.                                                                                                                                        | 4,00% =<br>0,4 pt.s/10 |              |               |              |               |
| ▪ EFB4.2.1. Aplica de xeito oportuno e eficaz as estratexias específicas das actividades de oposición, contrarrestando ou anticipándose ás accións da persoa adversaria.                                                                                   | 4,00% =<br>0,4 pt.s/10 |              |               |              |               |
| ▪ EFB4.2.3. Aplica de xeito oportuno e eficaz as estratexias específicas das actividades de colaboración-oposición, intercambiando os papeis con continuidade e perseguindo o obxectivo colectivo de obter situacións vantaxosas sobre o equipo contrario. | 4,00% =<br>0,4 pt.s/10 |              |               |              |               |
| ▪ EFB4.2.6. Argumenta estratexias ou posibles solucións para resolver problemas motores, valorando as características de cada participante e os factores presentes no contorno.                                                                            | 4,00% =<br>0,4 pt.s/10 |              |               |              |               |
| ▪ EFB1.2.3. Presenta propostas creativas de utilización de materiais e de planificación para utilizalos na súa práctica de maneira autónoma.                                                                                                               | 4,00% =<br>0,4 pt.s/10 |              |               |              |               |
| ▪ EFB4.1.3. Adapta as técnicas de progresión ou desprazamento aos cambios do medio, priorizando a súa seguridade persoal e colectiva.                                                                                                                      | 4,00% =<br>0,4 pt.s/10 |              |               |              |               |
| ▪ EFB4.3.1. Compara os efectos das actividades físicas e deportivas no contorno en relación coa forma de vida nel.                                                                                                                                         | 4,00% =<br>0,4 pt.s/10 |              |               |              |               |
| ▪ EFB4.3.2. Relaciona as actividades físicas na natureza coa saúde e a calidade de vida.                                                                                                                                                                   | 4,00% =<br>0,4 pt.s/10 |              |               |              |               |

**Máximo Total = 4 pts. De 10**

*Instrumento aval. = Baremo      Procedemento = Proba técnico-táctica individual, cronometrada en situacións variadas y formuladas.*

*Peso do instrumento-procedemento na cualificación.= 30% = 3 pts. de 10*

Indicadores GRAO CONSECUCIÓN:

**Grao 1 = a execución é normal/boa= grao mínimo de consecución.**  
**Grao 2 = a execución é moi boa**  
**Grao 3 = a execución é excelente**

| estándar de aprendizaxe                                                                                                                         | peso cualific.           | Grao 1 = 33,3% | Grao 2 = 66,6% | Grao 3 =100% |
|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------|----------------|----------------|--------------|
| ▪ EFB4.2.4. Aplica solucións variadas ante as situacións formuladas e valora as súas posibilidades de éxito, en relación con outras situacións. | 30,00%<br>= 3 pts. de 10 | > 1 s.d.*      | > 1,5 s.d.*    | > 2 s.d.*    |

**Máximo Total = 3 pts. de 10**

\* s.d. = standard deviation = desviación típica

## **5. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS QUE REQUIRE A MATERIA**

A Reforma Educativa concibe a educación como un proceso constructivo no que a actitude que manteñen profesor/a e alumno/a permite a aprendizaxe significativa.

O alumno/a convértese en motor do seu proceso de aprendizaxe ao modificar el mesmo os seus esquemas de coñecemento. O profesor/a exerce o papel de guía al poñer en contacto os coñecementos e as experiencias previas do alumno/a cos novos coñecementos.

O profesor/a axusta a axuda pedagóxica ás diferentes necesidades do alumnado e facilita recursos e estratexias variadas que permitan dar resposta ás diversas motivacións, intereses e capacidades dos alumnos/as.

Esta concepción permite, ademais, garantir a funcionalidade da aprendizaxe, é dicir, asegurar que o alumno/a poderá utilizar o aprendido en circunstancias reais, ben levándoo á práctica, ben utilizándoo como instrumento para lograr novas aprendizaxes.

Así mesmo preséntase a interrelación entre diferentes contidos da área e entre contidos de distintas áreas e materias (interdisciplinariedade).

### **Estilos de ensinanza que se poden empregar**

- a) Mando directo: Procedemento baseado nas ordes que se aplicará no acto de pasar lista e nas fases de quecemento dirixidas polo profesor/a.
- b) Ensino baseado na tarefa
  - 1. Presentación/demostración da tarefa polo profesor/a.
  - 2. Asignación da zona do ximnasio/pavillón polo profesor/a para cada tarefa.
  - 3. Colocación dos alumnos/as no lugar elixido.
  - 4. Execución da tarefa.
  - 5. Reaxustes na composición dos grupos segundo o observado.
  - 6. Cada grupo queda disposto para os pasos sucesivos.
- c) Utilización en determinados casos de programas individuais, do ensino recíproco, resolución de problemas e constitución de pequenos grupos.

## **6. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS QUE SE VAIAN UTILIZAR.**

- Ximnasio das seguintes medidas: 27 por 15 metros e coas seguintes pistas marcadas: básquet (unha pista de medidas non regulamentarias), voleibol (unha pista de medidas regulamentarias), balonmán (unha pista de medidas non regulamentarias).
- Pista exterior de asfalto coas seguintes pistas regulamentarias marcadas: voleibol, básquet, balonmán e/ou fútbol sala.
- Un xogo de postes e rede de voleibol.
- 2 porterías de fútbol sala/balonmán.
- 3 aros fixos de básquet no ximnasio.
- 3 canastras de balonkorf
- 5 bancos suecos.
- 6 bancos de vestiario.
- 4 barreiras de PVC e 6 barreiras de atletismo
- 20 colchonetas de ximnasia.
- 2 plintons.
- 1 poldro.
- 3 colchonetas de caída de saltos.
- 3 trampolíns de salto tipo Reuther.
- 1 saltómetro.
- 1 minitrampolín.
- 20 balóns medicinais de 3 e 4 kg.
- 1 xogo de lanzamento de peso e disco
- 50 aros de ximnasia aprox.

- 2 cronómetros.
- 2 cintas métricas.
- 30 combas. aprox.
- Unhas 50 pelotas de psicomotricidade.
- 10 pelotas de ximnasia rítmica aprox.
- 30 picas aprox.
- 10 balóns de fútbol sala e fútbol aprox.
- 10 balóns de balonmán aprox.
- 16 balóns de voleibol aprox.
- 20 balóns de básquet aprox.
- 1 bombín.
- 1 corda de goma elástica.
- 10 postes (feitos de botellas de plástico de 5 libros = conos e picas de ximnasia).
- 11 compases de orientación + mapas + balizas de sinalización.
- 1 cámara de vídeo.
- Material alternativo: pas e raquetas, indiacas, bidóns funball, sticks de floor-hóquei, frisbees, pelotas, pom poms, volantes de bádminton, ringos, pelotas cometa, xavalina de iniciación de goma espuma, balóns blandos multiuso de balonmán, futbito e voleibol.
- Colchoneta de medida salto de lonxitude.
- 1 soga para facer soga-tira
- 3 sacos de saltar
- 1 chave
- 30 petos de catro cores
- tensores de gomas e cintas elásticas
- unha rede multiuso de 24 metros
- 3 mesas de ping pong
  - 1 televisor Panasonic (nº serie: LF 2410105)
  - 1 vídeo Sony (nº serie: 0204083)
  - 1 combo televisor DVD Philipps (nº serie: DC 1F0551112728)
  - 1 altavoz autoamplificado
  - 1 ordenador portátil, conexión a internet, proyector

## **7. CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO.**

Todo o alumnado ten tres avaliacións programadas ao longo do curso na disciplina de Educación Física. As cualificacións dos alumnos e alumnas baséanse na observación e avaliación continua, ademais de utilizar probas específicas, conceptuais ou de destrezas, -tendo en conta tanto o rendemento/producto coma o progreso do alumno/a. Os estándares de aprendizaxe avaliábelson , na súa gran maioría, de tipo actitudinal ou de participación activa nas sesións prácticas de clase. Algúns deles son avaliábelson a través de probas puntuais, teóricas ou prácticas, traballos etc...

### **Procedementos e instrumentos de avaliación (cfr. capítulo 4):**

Posto que non é doado medir normas, valores, actitudes, etc. ou a cantidade de traballo realizado en cada sesión de clase e por cada alumno/a, abonda con chegar a unha aproximación con respecto aos procedementos de avaliación actitudinais e de participación activa nas sesións prácticas: A lista de control/observación da aula é o instrumento/procedemento idóneo para avaliar rasgos de comportamento. Emprégase para avaliar os estándares de aprendizaxe actitudinais, a través da observación directa. A rúbrica/observación da aula é un instrumento/procedemento que posibilita avaliar o grao de cumprimento dunha conducta.. Emprégase para graduar os estándares vencellados ao traballo diario e a participación activa nas sesións prácticas de clase, identificando a gran maioría dos alumnos/as que traballaron normalmente, outros que se esforzaron moito e uns poucos que non cumpriron cos graos mínimos de consecución dos estándares de aprendizaxe, os que non chegaron a participar e traballar correctamente. Resulta fácil, xa que logo, anotar estes poucos que se desvían da normalidade. Puntualmente, para valorar

as destrezas e coñecementos, empréganse baremos para os seguintes procedementos de avaliación: traballo individual, tarefas na aula virtual, tests de condición física, exposición oral, proba oral, exames prácticos de habilidades motrices específicas.etc.

### **Criterios de cualificación:**

Combínanse en cada unha das avaliacións trimestrais os resultados da cualificación dos estándares actitudinais e dos estándares de participación activa cos da cualificación de probas ou traballos, tanto sexan prácticos ou teóricos (destrezas ou conceptos), de xeito que:

1. O peso da cualificación dos estándares de participación activa e práctica é o 40% (rúbrica/observación aula = 40%).
2. O peso dos estándares actitudinais é o 30 % (lista control / observación aula = 30%).
3. O peso dos estándares que valoran os coñecementos e destrezas, avaliábelas a través de procedementos de probas prácticas ou teóricas como p.ex. exames, tests, tarefas na aula virtual, traballos ou exposicións orais, tamén é o 30 % (un baremo de un procedemento ou combinacións de baremos de máis dun procedemento = 30%).

### **Criterios de puntuación (cfr. capítulo 4)**

- 1.Tendo en conta os pesos específicos que teñen os estándares en cada avaliación, poden obter ata 3 puntos de 10 posibles, cumprindo cos estándares actitudinais, cuxo grao mínimo de consec.= 100% = máximo.
2. Poden obter ata 4 puntos de 10 posibles en función do grao de cumprimento cos estándares de participación activa nas sesións prácticas, cuxo grao mínimo de consec. = 50% = medio.
3. A partir de 7 puntos de 10 posibles poden optar a máis nota (8,
- 4.As medias dos graos mínimos de consecución dos estándares, por avaliación, están comprendidas entre o 64% e o 74 %. Quere dicir, que é fácil chegar a un ben/notable, pero non tan fácil chegar a un sobresáinte, xa que os graos mínimos de consecución dos estándares vencellados aos traballos/probas etc. son máis ben baixos.

### **Criterios de promoción**

- 1.Cada alumno/a ten que participar dentro das súas posibilidades e limitacións físicas ou psicomotrices.
2. A cualificación final calcúlase como media aritmética non ponderada das tres avaliacións trimestrais, posto que en Educación Física se imparten combinacións de bloques de contidos diferentes en cada trimestre.

Conclusións: *Os alumnos que non acumulan anotacións negativas nas listas de control actitudinais e se esforzan e participan ben, poden obter unha boa cualificación.. Os alumnos/as que se comportan e participan ben e ademais destacan nas probas/traballos etc., poden obter cualificacións excelentes. Deste xeito prémase a boa actitude, a participación activa e o esforzo no traballo diario..*

## **8. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DO ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE.**

| <b>Indicadores de logro do proceso de ensino</b>                                   | <b>0</b> | <b>1</b> | <b>2</b> | <b>3</b> |
|------------------------------------------------------------------------------------|----------|----------|----------|----------|
| 1. O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado.             |          |          |          |          |
| 2. Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreceu a aprendizaxe.            |          |          |          |          |
| 3. Conseguiuse motivar para lograr a actividade intelectual e física do alumnado.  |          |          |          |          |
| 4. Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado.                          |          |          |          |          |
| 5. Contouse co apoio e coa implicación das familias no traballo do alumnado.       |          |          |          |          |
| 6. Adoptáronse as medidas organizativas adecuadas para atender ao alumnado con NEE |          |          |          |          |
| 7. Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado.                              |          |          |          |          |
| 8. Usáronse distintos instrumentos de avaliación.                                  |          |          |          |          |
| 9. Dáse un peso real á observación do traballo na aula.                            |          |          |          |          |
| 10. Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo.   |          |          |          |          |

| <b>Indicadores de logro da práctica docente</b>                                                                             | <b>0</b> | <b>1</b> | <b>2</b> | <b>3</b> |
|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|----------|----------|----------|----------|
| 1. Como norma xeral, fanse explicacións xerais para todo o alumnado.                                                        |          |          |          |          |
| 2. Ofrecense a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa.                                                  |          |          |          |          |
| 3. Elabóranse actividades atendendo á diversidade.                                                                          |          |          |          |          |
| 4. Adaptanse as probas de avaliación ás necesidades do alumnado con NEE                                                     |          |          |          |          |
| 5. Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar.                                            |          |          |          |          |
| 6. Combínase o traballo individual e en equipo.                                                                             |          |          |          |          |
| 7. Poténcianse estratexias de animación á lectura.                                                                          |          |          |          |          |
| 8. Poténcianse estratexias tanto de expresión como de comprensión oral e escrita.                                           |          |          |          |          |
| 9. Incorporáanse as TIC aos procesos de ensino – aprendizaxe.                                                               |          |          |          |          |
| 10. Préstase atención aos elementos transversais vinculados a cada estándar.                                                |          |          |          |          |
| 11. Ofrecense ao alumnado de forma rápida os resultados das probas / traballos, etc.                                        |          |          |          |          |
| 12. Analízanse e coméntanse co alumnado os aspectos máis significativos derivados da corrección das probas, traballos, etc. |          |          |          |          |
| 13. Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus acertos e erros.                                    |          |          |          |          |

## **9. ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES.**

No caso de ter a materia de Educación Física pendente, un/unha alumno/a ten a posibilidade de recupera-la de tres maneiras:

1º.

O/a alumno/a aproba na avaliación continua:

Para iso ten que aprobar as primeiras dúas avaliacións do nivel superior.

2º

Se non aproba na avaliación continua, ten dereito a un exame final no mes de maio e no mes de setembro, baseado nos mínimos . Si supera esta proba, ten a materia pendente aprobada.

O exame pode consistir tamén na entrega de traballos.

3º

O/a alumno/a aproba o nivel superior (o ano escolar en curso) e con isto supera tamén a materia pendente do ano anterior.

## **10. DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUENCIA DOS SEUS RESULTADOS.**

O deseño de actividades constitúe un dos factores de maior relevancia na actuación do profesorado no proceso de ensino-aprendizaxe. É necesario para facilitar o proceso deseñar actividades que poidan cumprir unha función de diagnóstico, de reforzo ou ampliación, de resume, de avaliación e de desenvolvemento e aprendizaxe.

Estas actividades deben cumprir coas seguintes medidas que se poidan adoptar:

- \* Permitir que o alumno/a aprecie o seu grao inicial de competencia nos contidos de aprendizaxe.
- \* Facilitar a autorregulación do ritmo de execución e aprendizaxe como tratamento específico á diversidade dos alumnos/as.
- \* Presentar unha coherencia interna capaz de ser apreciada polo alumno/a.
- \* Posibilitar que o alumno/a poida construír novas aprendizaxes sobre a base ou superación dos seus coñecementos previos.
- \* Desenvolver os distintos tipos de contidos da área dunha maneira interrelacionada.
- \* Agrupar os alumnos/as de múltiples formas que faciliten o traballo cooperativo.
- \* Implicar a posibilidade de disfrutar con aprendizaxes funcionais motivantes para os alumnos/as.
- \* Familiarizar o alumnado co contorno da área, cos espazos e materiais propios das actividades físicas e promover o seu uso adecuado.

## **11. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.**

A modificación curricular de obxectivos, contidos e criterios de avaliación é a forma de organizar o currículo dos alumnos e alumnas con ***necesidades educativas especiais***, dende o currículo ordinario. As adaptacións curriculares individuais que se realizan para estes alumnos e alumnas, en moitos casos, implican a eliminación ou introducción doutros contidos e obxectivos que respondan ás súas necesidades, como ocorre con alumnos e alumnas con incapacidades transitorias ou deficiencias motrices ou sensoriais, temporais ou permanentes.

A este respecto a orde do 10 de xullo de 1995 do Ministerio de Educación e Ciencia pola que se regula a adaptación do currículo da Educación Física para os alumnos/as con necesidades educativas especiais na E.S.O. establece o seguinte:

*"A dispensa de cursar esta materia, que a orde do 31 de xullo de 1961 pola que se regula a dispensa de Educación Física no Ensino Medio prevía para determinados supostos, limitárase a alumnos maiores de 25 anos". "A avaliación das aprendizaxes dos alumnos con necesidades educativas especiais farase conforme aos obxectivos e contidos para eles propostos na adaptación curricular correspondente".*

### **MEDIDAS de atención a diversidade**

- O currículo de Educación Física establecido para os niveis de E.S.O. inclúe obxectivos, contidos e criterios de avaliación que transcenden a práctica do exercicio físico de distinto signo e que son asequibles á xeneralidade dos alumnos; contidos teóricos e conceptuais que poden ser realizados por todos os alumnos/as. En calquera caso, os alumnos ou as alumnas dispensados/as dalgúns ou todos os contidos prácticos teñen que asistir sempre á clase e axudar e colaborar, p.ex. na colocación e ordenamento do material, cronometrar, medir, arbitrar, etc.

- O sistema de avaliación-cualificación seguido nas clases permite que, si un alumno/a traballa e participa ben, dentro das súas limitacións ou posibilidades físicas, pode obter unha boa nota, aínda que os seus resultados (probos prácticos) comparados cos resultados dos outros alumnos non sexan tan bos. En definitiva, trátase de comparar os resultados iniciais e finais dos alumnos valorando máis o progreso individual de cada un que a comparación entre alumnos ou a comparación dos resultados finais con baremos oficiais normativizados. Deste xeito, é dicir valorando máis o progreso individual de cada alumno/a que o simple produto final, de distribución normal en cuanto ás notas, permitenos primeiro prescindir de adaptacións curriculares oficiais e segundo obter bós resultados pola maioría ou case a totalidade dos alumnos.

## **PAUTAS E DIRECTRICES DE ADAPTACIÓN CURRICULAR PARA ALUMNOS/AS CON NECESIDADES EDUCATIVAS ESPECIAIS:**

1. O currículo de Educación Física establecido para os niveis de E.S.O. inclúe obxectivos, contidos e criterios de avaliación que transcenden a práctica do exercicio físico de distinto signo e que son asequibles á xeneralidade dos alumnos; contidos teóricos e conceptuais que poden ser realizados por todos os alumnos/as.

En calquera caso, os alumnos ou as alumnas dispensados/as dalgúns ou todos os contidos prácticos teñen que asistir sempre á clase e axudar na colocación e ordenamento do material, cronometrar, medir, arbitrar, etc.

### **2. Insuficiencias por enfermidades crónicas:**

A maioría dos nenos/as ou adolescentes con eivas ou enfermidades crónicas poden practicar deporte, naturalmente adaptado ás súas capacidades, previa revisión e indicacións médicas.

2.1. O neno diabético (Fonte: Doutores Bonet Rodés, Casasa e Bonet Massó. *Infancia e Deporte*. Alianza Editorial, 1995)

O neno/a e o adolescente con diábetes insulino-dependente deben ser considerados normais para a práctica da maioría dos deportes e actividades físicas. Así e todo, cómpre instruílos en relación á súa situación e os posibles riscos e incidentes que poden sufrir. O deporte no neno/a diabético/a non só non está contraindicado, senón que pode ser útil no tratamento da súa enfermidade. O exercicio físico practicado dunha maneira regular mellora a tolerancia á glucosa e diminúe as glucosurias (presencia de glucosa nos oríños), de tal xeito que con frecuencia permite diminuír a dose de insulina diaria; a pesar de que coa práctica deportiva hai que aumentar o aporte enerxético da dieta, mesmo en hidratos de carbono. Isto débese a que co exercicio físico mellora o metabolismo da fibra muscular e favorece a captación de glucosa polo músculo. Por iso é moi útil que o deporte practicado mobilice a maior parte da masa muscular co fin de que participen na captación de glucosa a maior parte de músculos.

Directrices para a actividade físico-deportiva de nenos diabéticos tratados con insulina (Fonte bibliográfica: Prof. Dr. H. De Marées: *Fisiología deportiva*; Ed. Tropon):

a. O neno/a diabético/a é tan susceptible ao adestramento deportivo coma un neno/a san. Con actividades físicas regulares pode acadar unha boa capacidade e rendemento físico.

b. Sen embargo, a condición previa para o devandito é levar a cabo consecuentemente o tratamento prescrito polo médico: "dieta - administración de insulina - actividade física".

c. Para previr reaccións hipoglucémicas (falta de azucre), cada neno/a ten que coñecer as características subxectivas destas reaccións, debidas a un déficit de azucre no sangue e no cerebro. Estas reaccións poden aparecer a causa de exercicios físicos fortes en combinación co tratamento de insulina.

Cada neno/a debe saber evitar fortes reaccións hipoglucémicas por medio da toma de carbohidratos facilmente dixeribles.

d. 45 minutos antes de empezar unha actividade física (clase de Educación Física) tomar carbohidratos en forma de fruta e pan. Deste xeito o corpo dispón durante o esforzo físico de maiores cantidades de glucosa, coas cales as reaccións hipoglucémicas poden ser evitadas.

e. Se a pesar destas medidas preventivas se producen síntomas hipoglucémicos, haberá que tomar de 20 a 30 gramos de glucosa cun pouco de auga (un sobre de azucre).

f. Síntomas de reaccións hipoglucémicas: Debilidade muscular, diminución da capacidade de concentración, aparición dunha suor intensa, pequenas contraccións musculares e mesmo esvaecemento.

g. Actividade física recomendada: Esforzos de intensidades medias e non moi prolongados. Resulta máis importante a mellora da capacidade cardio-vascular que o aumento da forza muscular. Son preferibles os esforzos continuos de resistencia aeróbica, non anaeróbica.

Recoméndanse as seguintes disciplinas deportivas: correr (jogging), natación, ciclismo, tenis, bádminton... mais sen carácter de competición.

h. Actividade física non recomendada: iO deporte de alta competición e o deporte de equipo ou deporte colectivo con carácter de competición, xa que nos partidos o aporte de enerxía chega moitas veces por vía anaeróbica, producíndose unha forte diminución das concentracións de glucosa no sangue!

2.2. Asma bronquial (Fontes: Doutores Bonet Rodés, Casasa e Bonet Massó: *Infancia y Deporte*; Alianza Editorial, 1995; e Dr. Franchek Drobnic: *Asma y actividad deportiva. Apunts, Educación Física y Deportes*; número 38, 1994).

Esta comprobado que a función e ventilación pulmonar melloran co exercicio físico e a práctica deportiva no neno/a ou adolescente asmático/a; tanto é así que a diferenza na capacidade de esforzo co neno normal non é importante. O risco que se corre neste caso é que durante a actividade deportiva se sufra unha crise asmática. Ao iniciar o esforzo o asmático séntese ben, porque mellora a súa ventilación pulmonar. Iso débese á brocodilatación que se produce ao aumentar a actividade. Ao sentirse ben, de maneira inconsciente aumenta o esforzo, o que pode provocar o broncoespasmo e desencadear unha crise.

Normas para evitar a aparición dunha crise de asma provocada polo exercicio:

a. procurar evitar os ambientes fríos e secos.

b. evitar os exercicios intensos ou de longa duración. Sobre todo aqueles que requiren unha gran ventilación pulmonar, ou sexa exercicios de resistencia aeróbica máxima (p. ex.: test de Cooper).

c. evitar a práctica deportiva en ambientes contaminados ou con atmosferas densas.

d. evitar a práctica deportiva cando se estea padecendo unha infección respiratoria.

e. tomar a medicación previa ao exercicio (aerosol ou inhalador).

f. procurar respirar polo nariz sempre que sexa posible.

g. levar canda si sempre a medicación broncodilatadora.

¿Que facer no caso dunha crise de asma facendo deporte?

a. calma.

b. acompañar o/a enfermo/a a un sitio aireado, lonxe dos seus compañeiros/as e non situarase arredor del/a.

c. administrar a medicación en aerosol, respirar coas mans tapando o nariz (aire húmido).

d. sempre se poida integrarse novamente á clase.

e. en caso de que non se solucione a crise, repetir a dose de broncodilatador e consultar se desexa ir a un centro sanitario.

Así pois, non hai ningún motivo para que o neno/a asmático/a non practique deporte, o cal sempre lle será beneficioso. É imprescindible, non obstante, someterse a un control médico adecuado. Hai que desterrar a

superprotección do contorno, que ás veces impide a práctica deportiva na crenza de riscos que practicamente non existen, desmotivando ao neno/a e creando un estado de minusvalía inexistente.

2.3. Cardiopatías conxénitas (Fonte: Doutores Bonet Rodés, Casasa e Bonet Massó: *Infancia y Deporte*. Alianza Editorial, 1995).

Certa porcentaxe de nenos/as ou adolescentes, arredor dun 20 %, poden presentar ruidos cardíacos anormais (soplos) en estado de repouso, ou que aparecen durante o esforzo. Sen debidos a fenómenos funcionais, que adoitan darse en nenos/as ansiosos/as, con situacións de estrés psíquico ou con anemia. Iso non supón unha enfermidade cardíaca e polo tanto non presupón ningunha restricción para a práctica deportiva unha vez establecido o diagnóstico polo médico.

Nos nenos/as que sofren unha verdadeira patoloxía cardíaca, o grao de incompatibilidade virá condicionado polo tipo e grao de lesión, e se esta foi reparada cirurxicamente, o que en certos casos pode permitir un relativo bo rendemento. A práctica dun deporte precisa de supercontrol médico e seguimento estrito das súas indicacións.

Se durante o exercicio se presenta fatiga física ou respiratoria é necesario deterse e en calquera caso este non debe ser moi prolongado.

2.4. Alteracións da columna vertebral (Fonte: Doutores Bonet Rodés, Casas e Bonet Massó: *Infancia y Deporte*. Alianza Editorial, 1995).

O exercicio físico e o deporte poden ser recomendados a nenos /as e mozos/as que padezan certas alteracións de columna vertebral (escoliose, lordose, cifose), pero coa indicación precisa e o control médico adecuado que eviten efectos nocivos. Como orientación, enuméranse algúns deportes que poden ser beneficiosos ou tolerables e os que deben ser prohibidos polos seus potenciais efectos negativos sobre a columna vertebral do neno/a ou adolescente.

Ximnasia: pode ser útil se os exercicios se orientan a posturas de hiperextensión ou suspensión que inflúen na elongación da columna e fortalecemento muscular, sen xestos que supoñan flexións violentas.

Voleibol: permisible en escolioses moderadas ou en cifóticos, practicado con moderación e co calzado adecuado para amortecer o choque dos pes no chan.

Básquet: permisible se se practica como adestramento, xa que o tensar os músculos da columna resulta favorable. Convén diminuír o choque no chan duro, para evitar microtraumatismos, con calzado brando ou cunha sobreplanta especial.

Carreiras: pódese permitir a marcha lenta e sen fatiga, sen ánimo de competición e, desde logo, sen salto de barreiras ou obstáculos. Tamén se pode permitir en pista branda (ver abaixo).

